

## Hi-Experience – Ferramentas Innovadoras para a posta en valor e dinamización dos recursos endóxeos do espazo Galicia-Castela e León – Norte de Portugal

Trátase dun proxecto plurirrexional desenvolvido entre o Eixo Atlántico (ES e PT) e a Asociación de Municipios Ribeiregos do Douro -AIMRD.

O obxectivo deste proxecto é pór en valor o patrimonio natural e cultural das cidades como elemento dinamizador da súa economía.

Titulo	<b>HiExp- Ferramentas innovadoras para a posta en valor e dinamización dos recursos endóxeos do espazo Galicia-Castela e León- Norte de Portugal</b>		
<b>Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudar mellores aproveitamentos dos recursos patrimoniais e infraestruturas do espazo de cooperación</li> <li>- Crear un ecosistema de identificación colectiva grazas á implementación dunha programación conxunta</li> <li>- Contribuír á xestión coordinada das políticas de desenvolvemento turístico das cidades</li> <li>- Situar ás cidades como actores centrais da xeración de fluxos de turismo</li> <li>- Potenciar o turismo de proximidade como ferramenta de valorización dos recursos endóxeos.</li> </ul>		
<b>Socios</b>	<b>EIXO ES (Xefe de fila)</b> EIXO PT AIMRD – Asociación de Municipios Ribeiregos do Douro		
<b>Orzamento total</b>	1.156.542,07€		
<b>Orzamento Eixo</b>	<b>Socio</b>	<b>Importe</b>	<b>FEDER</b>
	EIXO ES	804.115,31 €	603.086,48€
	EIXO PT	200.000,00 €	150.000,00€

Para acadar o obxectivo formulado o proxecto estrutúrase sobre as seguintes actuacións:

**1. Coñecer a experiencia;** que busca:

- a. Coñecer a oferta turística existente no espazo Galicia-CeL-Norte para saber como diferenciala, facela accesible e comunicala aos seus cidadáns.
- b. Aumentar a actividade económica do territorio xerando fluxos de turismo interno para incrementar o número de visitantes a lugares do patrimonio natural e cultural.

**2. Vivir a experiencia;** que busca:

- a. Implementar novas maneiras de dinamizar a oferta turística a través de ferramentas innovadoras que apelan a vivir unha experiencia integradora, cultural e natural próxima, accesible e diferenciada
- b. Propor unha programación conxunta para atraer a un maior número de visitantes.

**3. Compartir a experiencia;** buscando:

- a. Comunicar a oferta turística á poboación local, compartindo con e entre os cidadáns e xestores a experiencia accesible e diferenciada.
- b. Converter ao cidadán en prescriptor da oferta noutros territorios.

-----